



Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Expte:PCO.001.2023.00264

Exped. Relacionado: PCO.001.2022.00386

ASUNTO: Contratación do desenvolvemento, mantemento e soporte dunha aplicación de consulta da Rede Cultural para móbiles e axenda para a páxina web da Deputación.

ANTECEDENTES

Instrución do 31 de maio de 2022, do deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística pola que insta a tramitación dun expediente para contratar un Análise funcional para a aplicación móbil da Rede Cultural coa empresa DUACODE SL.

Resolución do presidente nº 40205 de 26 de setembro de 2022, pola que se aproba a contratación dunha análise funcional para definir as características dunha aplicación de consulta da Rede Cultural para móbiles e axenda para a páxina web da Deputación, tramitada no expediente PCO.001.2022.00386, no que consta a análise funcional realizada pola empresa DUACODE SL (versión final entregada o 24 de febreiro de 2023).

INFORME

Motivación da contratación

Na Área de cultura considérase necesario dispor dunha aplicación de consulta das actuacións da Rede Cultural para móbiles así como dunha axenda para incluír na páxina web da Deputación, coa finalidade de mellorar a difusión das actuacións programadas na Rede Cultural, que permitan ás persoas usuarias facer un seguemento personalizado das actuacións dunha maneira áxil e accesible.

Obxecto

O documento de análise funcional serve de base para a elaboración do prego técnico de contratación do desenvolvemento, mantemento e soporte dunha aplicación de consulta da Rede Cultural para móbiles e axenda para a páxina web da Deputación e, por tanto, contén unha relación de requisitos funcionais que deberá cumprir a aplicación.

Ademáis, a aplicación require o mantemento e asistencia aos usuarios.

Este servizo carece de persoal con coñecementos técnicos en materia de informática necesarios para a tramitación do contrato.

SOLICITUDE

Polo exposto, solicito que o contrato de desenvolvemento, mantemento e soporte dunha aplicación de consulta da Rede Cultural para móbiles e axenda para a páxina web da Deputación, sexa tramitado polo Servizo de Informática e Administración Electrónica.

A xefa do servizo, P.A.
Manuela Muñoz Souto